



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

AUGAS DE GALICIA

Zona Hidrográfica de Galicia-Sur

R/ San Salvador, 2-4º
36204 Vigo
Telf: 986 817 745
Fax: 986 817 155


augasdegalicia



SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Constructora San José SA. solicita de Augas de Galicia co CIF: Q1500378C, a autorización de obras no Concello de Pontevedra (Pontevedra). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W36.52032

As obras solicitadas consisten na execución de dous pasos provisionais, sobre o río Pintos e o rego do Barco, e construción dunha canle definitiva nun rego sen nome (afluente do río Tuimil).

O paso sobre o río Pintos efectuarase cunha tubaría de 180 cm. de diámetro e 46,43 m. de lonxitude; no punto de coordenadas UTM X: 533.133,975 Y: 4.695.067,639.

O paso sobre o rego do Barco efectuarase cunha tubaría de 180 cm. de diámetro e 39 m. de lonxitude; no punto de coordenadas UTM X: 531.455,968 Y: 4.692.991,208.

No rego afluente do Tuimil construírse unha canle de 188,79 m. de lonxitude, entre os puntos de coordenadas UTM X: 530.446,83 Y: 4.690.488,22 e X: 530.448,28 Y: 4.690.320,27. Esta obra terá carácter definitivo e será de sección trapezoidal con revestimento de coeira.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Pontevedra ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ San Salvador, 2-4º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 01 de agosto de 2017

O xefe do servizo territorial

(P.S. Resoluc. dirección de Augas de Galicia do 20/02/2017)

Alberto Bosquet Herreros